

Luns, 20 de maio de 2019

Núm. 94

ADMINISTRACIÓN LOCAL
PROVINCIAL
DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Persoal, oposicións

CONVOCATORIA PARA CUBRIR INTERINAMENTE UN POSTO DE TRABAJO DE PROFESORA OU PROFESOR DE ENFERMERÍA VACANTE NA RPT DE PERSOAL LABORAL FIXO DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

O deputado, en virtude das competencias delegadas da Presidencia en materia de Persoal, dita a seguinte

RESOLUCIÓN:

De conformidade co establecido no artigo 34.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, de 21 de abril, así como a Lei 5/2015, de 30 de outubro, pola que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do emprego público (TRLEBEP), RESOLVO aprobar a convocatoria deste proceso selectivo para cubrir interinamente un posto de traballo de profesora ou profesor de Enfermería vacante no cadro de persoal laboral fixo da Escola Universitaria de Enfermería, que se rexerá polas seguintes bases xerais e específicas:

1) BASES XERAIS

Primeira. Obxecto da convocatoria

Esta convocatoria ten por obxecto cubrir interinamente un posto de traballo de profesora ou profesor de Enfermería vacante la relación de postos de traballo de persoal laboral fixo da Escola Universitaria de Enfermería.

Segunda. Número e características do posto convocado

O número de postos vacantes, a súa denominación e características relaciónanse a continuación:

- Un posto de profesora ou profesor de Enfermería, equivalente ao grupo A2, por quenda libre

Terceira. Sistema de selección

O sistema de selección determínase nas bases específicas.



Luns, 20 de maio de 2019

Núm. 94

Cuarta. Requisitos das persoas aspirantes

1. Con carácter xeral, para seren admitidas na realización das probas selectivas as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, ademais dos que se establezan nas respectivas bases específicas de ingreso:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TRLEBEP, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa

c) Posuír ou estar en condicións de obter o título académico esixido nas bases específicas para ingresar no posto o día en que remate o prazo de presentación de instancias

d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ao que aspiran

e) Non estar separadas por un expediente disciplinario do servizo de calquera Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao posto do que estivesen separadas ou inhabilitadas. En caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitadas ou en situación equivalente nin estar sometidas a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público

f) Ingresar a cantidade fixada como dereitos de exame no recibo que se emite xunto coa solicitude de participación

g) Cumprir os demais requisitos esixidos para o ingreso nas respectivas bases específicas

2. As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos no apartado anterior o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data da súa contratación.

Quinta. Solicitudes

1. As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante o modelo oficial a través do formulario web. As solicitudes de participación nesta convocatoria deberán presentarse da seguinte forma:

- Cubrir o formulario oficial de solicitude e facer clic en “enviar datos”
- Descargar e imprimir o xustificante xerado na web tras realizar o envío. Este xustificante incluírá un código único da solicitude
- Presentar o xustificante xerado durante o proceso de solicitude, así como a documentación establecida nas bases, dentro do prazo establecido, no Rexistro xeral da institución provincial



Coa solicitude deberá achegarse unha copia do documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade expedida polas autoridades competentes no caso de cidadás ou cidadáns comunitarios, copia da titulación requirida nas bases específicas e copia do Celga no caso de estar exento da realización do exame de tradución e, no seu caso, a documentación acreditativa dos méritos alegados para a fase de concurso segundo a orde do baremo establecido na base décimo terceira acompañada da relación dos documentos que se entregan (cadro de méritos da solicitude).

Neste sentido, na fase de concurso só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias e os alegados dentro deste prazo que se xustifiquen con posterioridade no prazo de emenda de defectos formais.

Para seren admitidas nas probas selectivas correspondentes as persoas aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación.

No caso de equivalencia ou homologación de titulacións deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas

2. O prazo para presentar as solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

A presentación de solicitudes poderá facerse no Rexistro xeral do organismo provincial ou de calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP); as solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas pola funcionaria ou funcionario antes de seren certificadas. As solicitudes de participación deberán estar sempre seladas con independencia do órgano no que se presenten.

Por razón da urxencia, naqueles casos en que non se presente a solicitude a través do Rexistro xeral da Deputación, será necesario remitir unha copia da solicitude rexistrada ao enderezo persoal@depo.es, ou por fax ao número 986 804 141.

3. As solicitudes subscritas por persoas de nacionalidade española no estranxeiro poderán cursarse no prazo sinalado a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que llas remitirán seguidamente ao organismo competente.

4. As persoas con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude e, no seu caso, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e de medios para realizar os exercicios nos que a adaptación fose necesaria.

5. As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, sexa de oficio ou a instancia de parte.



Luns, 20 de maio de 2019

Núm. 94

4. O feito de figurar como incluídas na relación de persoas admitidas non significa que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuíren os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que as persoas admitidas superen as probas selectivas.

Oitava. Tribunal cualificador

1. As persoas que compoñen o tribunal cualificador serán designadas pola ou polo deputado delegado, segundo o disposto no artigo 4, parágrafos e) e f) do Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, así como no artigo 60 da Lei do estatuto básico do empregado público (LEBEP), tendo en conta a paridade entre mulleres e homes.

2. O tribunal cualificador estará integrado por cinco titulares e cinco suplentes. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, sen que poida exercerse en representación nin por conta de ninguén.

3. A composición do tribunal axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade, e deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o que se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao grupo ao que pertence o posto convocado.

4. Non poderán formar parte do tribunal as persoas de elección ou designación política, o funcionariado interino nin o persoal eventual.

5. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesoras e asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconsellen, limitándose as mencionadas asesoras e asesores a prestaren colaboración nas súas especialidades técnicas.

6. Antes de que teña lugar cada unha das probas, e xuntamente coa lista de persoas admitidas, publicarase no taboleiro de anuncios da Deputación e na súa páxina web a resolución pola que se nomean as e os titulares e suplentes do tribunal cualificador.

7. As persoas que compoñen o tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo á ou ao deputado delegado, cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), ou cando realizasen tarefas de preparación de persoas aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, as e os aspirantes poderán recusar as e os membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da LRXSP.

8. O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe a ou o deputado delegado, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta das e dos seus titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.



9. A partir da sesión de constitución o tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta das e dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na LRXSP e ás bases xerais e específicas reguladoras desta convocatoria.

10. O tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos nos que resulte necesario para que as persoas con discapacidade gocen de similares condicións que o resto de persoas aspirantes, dispoñendo, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios.

11. En caso de ausencia da presidenta ou presidente titular ou suplente actuará no seu lugar a ou o vogal designado en primeira orde.

12. As e os compoñentes do tribunal e o persoal asesor que asistan ás sesións percibirán as axudas de custo segundo a contía legalmente establecida.

Novena. Comezo dos exercicios

1. A data e mais a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo do primeiro exercicio das probas selectivas convocadas, serán determinados pola ou polo deputado delegado mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de persoas admitidas e a composición do tribunal, que se publicará mediante anuncio no BOPPO, na páxina web e no taboleiro de anuncios da Deputación, polo menos con 5 días hábiles de antelación.

2. As persoas aspirantes convocaranse para cada exercicio nun único chamamento, quedando decaídas no seu dereito as e os opositores que non comparezan a realizalo, salvo os casos debidamente xustificadas, que resolverá o tribunal.

3. No concurso-oposición o tribunal deberá reunirse antes de que se inicie a fase de oposición co fin de efectuar a valoración e a cualificación dos méritos achegados polas persoas aspirantes.

4. As persoas aspirantes deberán presentarse para realizaren cada exercicio provistas do DNI ou doutro documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén dos medios materiais necesarios para a súa práctica.

Décima. Desenvolvemento dos exercicios das probas selectivas

1. En calquera momento o tribunal poderá requirirles ás opositoras e opositores que acrediten a súa identidade.

2. Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria deberá propoñerlle á ou ao deputado delegado, previa audiencia coa persoa interesada, a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.



Luns, 20 de maio de 2019

Núm. 94

3. Unha vez concluído cada un dos exercicios da oposición o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios e en www.depo.gal, a relación de persoas aspirantes que o superasen, indicando a puntuación obtida. As persoas opositoras non incluídas na lista terán a consideración de “non aptas”.

4. A relación de persoas aprobadas en cada exercicio deberá publicarse no taboleiro de anuncios e na páxina web polo menos con 12 horas de antelación á nova reunión do tribunal cando se trate do mesmo exercicio e con 24 horas de antelación cando se trate dun novo.

5. A data e mais a hora na que deberá constituírse o tribunal para valorar os méritos, así como o día e a hora en que terá lugar a entrevista será determinado pola ou polo presidente mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de persoas admitidas e a composición do tribunal, que se publicará mediante anuncio no taboleiro de anuncios da Escola de Enfermería, no da Deputación Provincial e na páxina web, con polo menos cinco días hábiles de antelación.

6. O currículo deberá axustarse ao modelo que se achega como anexo II.

7. Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse un recurso administrativo de alzada ante a ou o presidente que o nomeou, segundo o previsto no artigo 121 da LPACAP.

Décimo primeira. Cualificación final e relación das persoas aprobadas

1. Á cualificación obtida polas persoas aspirantes, resultante da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios obrigatorios e eliminatorios, sumaráselle a que corresponda aos exercicios obrigatorios non eliminatorios e aos voluntarios realizados e, no seu caso, a puntuación obtida na fase de concurso, acadándose así a puntuación final.

2. Determinada a cualificación final das persoas aspirantes o tribunal fará pública a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación no taboleiro de anuncios da institución provincial e na súa páxina web.

3. O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número de persoas aspirantes superior ao de postos convocados neste proceso selectivo. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

4. Non obstante, o tribunal, ao cualificar cada un dos exercicios, non terá en conta a limitación anterior, que só se considerará ao formularlle á ou ao deputado delegado a proposta coa relación de persoas aprobadas, na que só se incluírán aquelas opositoras e opositores que obtivesen a maior puntuación total final, que nunca poderán superar o número de postos convocados neste proceso selectivo.



5. No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis persoas aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e, se isto non fose suficiente, a puntuación obtida no concurso. De persistir, resolverase pola do apartado a) do baremo de méritos e así sucesivamente.

6. Todo isto sen prexuízo do disposto no Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Décimo segunda. Achega de documentos por parte das persoas aprobadas

1. A relación de persoas aprobadas, publicada no taboleiro de anuncios da institución provincial e en www.depo.gal, conterà unha advertencia recordándolles a estas que deberán presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para ingresar na función pública local e accederen ao posto convocado.

2. As persoas aspirantes propostas achegarán, dentro do prazo de 10 días naturais contados desde a publicación da relación de aprobados no taboleiro de anuncios da institución provincial e na súa páxina web, os documentos acreditativos da capacidade e mais dos requisitos esixidos na convocatoria, salvo aqueles que xa consten no seu expediente:

- a) Certificación de nacemento expedida no Rexistro civil correspondente
- b) Fotocopia debidamente compulsada do título académico esixido para o ingreso
- c) Certificado médico, sen prexuízo dun posterior recoñecemento
- d) Declaración xurada de non estar separadas do servizo das administracións públicas nin incursoas nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente
- e) Número de afiliación á Seguridade Social
- f) Certificado do número de conta bancaria
- g) Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos para o ingreso nas bases específicas deste proceso selectivo

3. Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, as persoas aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

4. Quen non presentase a documentación sinalada anteriormente dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non poderá ser contratada como persoal laboral interino no posto convocado, nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgún requisito.



Luns, 20 de maio de 2019

Núm. 94

Décimo terceira. Nomeamento e contratación

1. Concluído o proceso selectivo a persoa aprobada, cun número que non poderá exceder en ningún caso ao do posto convocado, será contratada interinamente pola ou polo deputado delegado, unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases para o ingreso no referido posto.

2. A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Presidencia, que ordenará a publicación do nomeamento no BOPPO, sen prexuízo da formalización do preceptivo contrato de interinidade por vacante, unha vez que se practique a notificación persoal da contratación.

3. A actividade docente deberá adecuarse ao número de horas lectivas e titorías establecidas na guía didáctica.

Décimo cuarta. Carácter vinculante das bases

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a Administración provincial, o tribunal cualificador e as persoas aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

Décimo quinta. Incidencias

O tribunal queda facultado para interpretar as bases da convocatoria e para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación. Ademais, poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Décimo sexta. Réxime xurídico

Este proceso selectivo regúlase polo disposto nas bases xerais e específicas da convocatoria e, no que non estea previsto nelas, polo Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, que aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, pola Lei 2/2015, de 29 de abril, que aproba a Lei do emprego público de Galicia, polo Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, que aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (artigos do 134 ao 137), polo Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, sobre o procedemento de selección na Administración local, polo Decreto 95/1991, de 20 de marzo, que aproba o regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e polo Real decreto 364/1995, que aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

Décimo sétima. Devolución e documentación

A documentación presentada a este proceso deberá ser retirada polas persoas interesadas unha vez transcorrido o prazo de tres meses, a contar desde a publicación da resolución do nomeamento no taboleiro de anuncios, sempre e cando non se presentase ningún recurso contra ela. Transcorrido un mes despois de dito prazo, procederase á destrución da documentación que non fose retirada.



Décimo oitava. Disposición final

As bases xerais e específicas da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións do tribunal poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola LPACAP e pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Administración provincial tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións do tribunal segundo o previsto na citada LPACAP.

II) BASES ESPECÍFICAS**I. Un posto de traballo de profesora ou profesor de Enfermería, quenda libre****Primeira. Número de postos e características**

Convócase un posto de profesora ou profesor de Enfermería, equivalente ao grupo A2 e dotado coas retribucións asignadas a este posto na relación de postos de traballo de persoal laboral fixo da Escola Universitaria de Enfermería.

Segunda. Sistema de selección

Establécese o sistema de concurso-oposición por quenda libre. Na fase de concurso valoraranse os méritos específicos adecuados ás características do posto consonte o baremo que se detalla na base específica quinta.

Terceira. Condicións das persoas aspirantes

Ademais das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais, as persoas aspirantes, segundo a estrutura dos estudos universitarios do Espazo Europeo de Educación Superior en España, deberán estar en posesión das titulacións académicas correspondentes ao primeiro nivel formativo, graduada ou graduado en Enfermería, e ao segundo nivel, máster universitario.

Cuarta. Fase de oposición (65 puntos). Desenvolvemento dos exercicios

PRIMEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito un test de 60 preguntas con catro respostas alternativas propostas polo tribunal e correspondentes ao contido do programa. A proba terá un valor de 30 puntos e para superala será necesario acadar o 50 % do seu valor (15 puntos). Por cada dous erros descontarase un acerto. O tempo para a realización deste exercicio será de 60 minutos.

SEGUNDO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na resolución do suposto práctico que determine o tribunal, relacionado cos contidos da parte específica do programa (aspectos normativos e académicos relacionados co nivel de grao en xeral, co nivel de grao en Enfermería e tamén coa elaboración de guías docentes do grao en Enfermería en xeral e baixo a normativa propia da Universidade de Vigo). O tempo para a realización deste



Luns, 20 de maio de 2019

Núm. 94

exercicio será de dúas horas. A proba terá un valor de 20 puntos e para superala será necesario acadar o 50 % do seu valor. Neste exercicio valoraranse a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

TERCEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na exposición oral, por parte das persoas aspirantes, de aspectos curriculares non contemplados na fase de cualificación de méritos e a continuación o tribunal realizará unha entrevista sobre aspectos teóricos e prácticos do grao de Enfermería e sobre as actividades académicas docentes do título pola Universidade de Vigo. A proba terá un valor total de 10 puntos.

CUARTO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa ao idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal. Este exercicio cualificarase de cero a cinco puntos. Quedan exentas desta proba as persoas que acrediten posuír o Celga 4 ás que se lles outorgará a cualificación máxima (5 puntos).

PROGRAMA DA CONVOCATORIA

Parte xeral

1.—A Constitución española de 1978. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois

2.—Organización territorial do Estado: as comunidades autónomas. Os estatutos de autonomía, o seu significado. Organización básica

3.—A provincia: antecedentes, concepto e caracteres. A organización provincial. Competencias

Parte específica

1.—Espazo Europeo de Educación Superior. Nivel: grao

2.—Sistema de créditos ECTS

3.—Grao universitario en España: principais características

4.—Transferencia e recoñecemento de créditos nas ensinanzas de grao e no grao de Enfermería

5.—Grao universitario en Enfermería: profesión regulada. Competencias

6.—Grao universitario en Enfermería: que son as materias básicas, as obrigatorias e as optativas

7.—Grao universitario en Enfermería: que é e en que consiste o traballo de fin de grao

8.—Grao universitario en Enfermería: que son e en que consisten as prácticas externas

9.—Grao universitario baixo a normativa autonómica galega e a propia de Universidade de Vigo: normativa específica

10.—Grao universitario na Universidade de Vigo: regulamento dos traballos de fin de grao



Luns, 20 de maio de 2019

Núm. 94

11.—Curso de adaptación ao título de graduada ou graduado en Enfermería pola Universidade de Vigo

12.—Normativa de permanencia da Universidade de Vigo aplicada a graos: dedicación do alumnado aos estudos de grao. Matrícula mínima e máxima

13.—Normativa de permanencia da Universidade de Vigo aplicada a graos: convocatorias. Créditos a superar

14.—Grao universitario en Enfermería na Universidade de Vigo. Estrutura das ensinanzas. Prácticas curriculares

15.—Grao universitario en Enfermería na Universidade de Vigo: mobilidade internacional

16.—Guías docentes

17.—Avaliación por compensación en estudos de grao na Universidade de Vigo

18.—Marco Español de Cualificación para a Educación Superior (MECES). Niveis

19.—A Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA) e a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG). Descrición

20.—Acreditación do profesorado (ACSUG). Programa Docentia

21.—Calidade. Plan de acción tutorial nos graos na Universidade de Vigo

22.—Calidade. Indicadores de resultados do título de grao: taxa de graduación, abandono, eficiencia, rendemento, éxito e avaliación. Definicións

Quinta. Fase de concurso. Cualificación dos méritos

5.1 O tribunal comprobará e cualificará os méritos alegados polas persoas aspirantes, que deberán xustificarse fidedignamente con documentos orixinais ou cunha copia autenticada acreditativa destes, de acordo co baremo que figura nos apartados 5.3 e seguintes, e que recolle as seguintes puntuacións totais:

- Experiencia investigadora, ata un máximo de 10 puntos
- Experiencia docente, ata un máximo de 10 puntos
- Experiencia profesional, ata un máximo de 5 puntos
- Outros méritos, ata un máximo de 10 puntos

5.2 O tribunal non valorará os méritos que, sendo alegados polas persoas aspirantes no currículo, non estean debidamente xustificadas e sempre referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

5.3 Experiencia investigadora: ata un máximo de 10 puntos



Luns, 20 de maio de 2019

Núm. 94

Valorarase a calidade dos traballos publicados, proxectos, comunicacións e demais correspondentes á área de coñecemento do posto convocado, ata un máximo de 10 puntos.

a) Publicacións sobre temas relacionados cos contidos vinculados á área de Enfermería, ata un máximo de 5 puntos (deberá incluírse o ISBN ou ISSN de cada publicación):

1.—Autoría de libros publicados con contidos vinculados ás ciencias da Enfermería: 0,25 puntos/libro, ata un máximo de 1,00 punto (*)

2.—Autoría de capítulos con contidos vinculados ás ciencias da Enfermería: 0,10 puntos/capítulo, ata un máximo de 1,00 punto (*)

3.—Autoría de artigos en revistas internacionais: 0,20 puntos/artigo, ata un máximo de 2,00 puntos

4.—Autoría de artigos en revistas nacionais: 0,10 puntos/artigo, ata un máximo de 1,00 punto

(*) No caso de que no libro ou capítulo figuren varias ou varios autores distribuirase a puntuación deste apartado entre estes, asignando a parte correspondente da puntuación total.

b) Comunicacións e relatorios a congresos nacionais e internacionais, ata un máximo de 5 puntos:

1.—Relatorios, presentación de comunicacións en congresos internacionais (inclúe póster científico): 0,25 puntos, ata un máximo de 2,50 puntos

2.—Relatorios, presentación de comunicacións en congresos nacionais (inclúe póster científico): 0,20 puntos, ata un máximo de 2,00 puntos

3.—Relator/a, moderador/a, ou outras figuras, en eventos científicos: 0,10 puntos, ata un máximo de 0,50 puntos

5.4. Experiencia docente: ata un máximo de 10 puntos

Valorarase a actividade docente acreditada por nomeamento oficial nas áreas de coñecemento ou materias obxecto do posto, ata un máximo de 10 puntos:

a) Docencia universitaria:

1.—0,25 puntos por cada 10 horas, ata un máximo de 6 puntos (*)

2.—0,20 por curso académico completo no que participase como titora ou titor clínico ou de prácticas clínicas, ata un máximo de 2,5 puntos

3.—Titoría/cotitoría de TFG ou TFM: 0,25 por cada un ata un máximo de 1,5 puntos

(*) 1 ECTS= 25 horas

5.5 Experiencia profesional: ata un máximo de 5 puntos



Luns, 20 de maio de 2019

Núm. 94

Valorarase unicamente a experiencia profesional como enfermeira ou enfermeiro cun valor de 0,50 puntos por ano de servizo ou fracción superior a seis meses ata un máximo de 5 puntos. Os servizos prestados acreditaranse con copia dos contratos de traballo e a vida laboral ou certificación do organismo no que se prestaron se é de carácter público.

5.6 Outros méritos: ata un máximo 10 puntos

Valoraranse con ata un máximo de 10 puntos conforme ao seguinte detalle:

- a) Expediente académico, ata un máximo de 1,5 puntos:
- Por matrícula de honra: 0,20 puntos ata un máximo de 1 punto
 - Sobresaliente: 0,10 puntos, ata un máximo de 0,5 puntos
- b) Outros másteres universitarios: 1,5 puntos/título e ata un máximo de 3 puntos
- c) Título de doutora ou doutor: 4 puntos
- d) Por acreditar a venia docendi: 0,5 puntos/curso ata un máximo de 1,5 puntos

Pontevedra, 10 de maio de 2019

O Deputado. O secretario.

